

**ANEXO I
PROPOSTA DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN STEMbach**

Coordinación STEMbach na Facultade/Escola UVigo:	
Nome: Vicente Romo Pérez	
Enderezo electrónico: vicente@uvigo.gal	Teléfono: 986 801 712
Dirección do proxecto Uvigo:	
Nome: M ^a Esther Martínez-Figueira	
Enderezo electrónico: esthermf@uvigo.es	Teléfono: 986 801 773
Co-dirección do proxecto UVigo:	
Nome: Silvia Sierra Martínez	
Enderezo electrónico: sierra@uvigo.es	Teléfono: 988 387 101

NOTA: Os custos derivados da execución deste proxecto de investigación tales como os desprazamentos do profesorado da UVigo ao centro educativo ou doutras actividades establecidas no plan de traballo, correrán a cargo do centro educativo ao que se asigne este proxecto.

Título

Investigando sobre Redes Sociais e Adolescencia en...

Resumo

A presenza das Redes Sociais na vida das e dos nosos adolescentes é unha realidade indiscutible. Non sempre este binomio, Redes Sociais e Adolescencia, é sinónimo dun problema pero si o é unha cuestión de índole educativa, social e de saúde de gran relevancia. O sistema educativo e a sociedade teñen o deber e a obriga de prever certas problemáticas susceptibles de acontecer nestas idades en relación ao uso que se lle dea ás RRSS. Así, neste proxecto queremos que o estudantado se anime a abordar a temática proposta concretándoa á súa vez en situacións que cada vez son máis cotiás (a elixir no IES algunha das subtemáticas que se indican): (1) os discursos de odio nas redes sociais; (2) situacións de ciberacoso escolar e social así como outros riscos asociados a un mal uso da Internet na adolescencia; (3) *cyberbullying* e/ou conducta suicida no alumnado adolescente; (4) roubo da identidade na Internet; (5) a pegada dixital que deixamos na Internet e que non caduca no paso do tempo...; (6) outra subtemática que no centro educativo se propoña.

O proxecto de investigación *Investigando sobre Redes Sociais e Adolescencia en...* (subtemática a concretar) pretende ofrecer un espazo para a reflexión e o pensamento crítico sobre o uso que se fai das redes sociais nestas idades, poñendo de manifesto a vulnerabilidade na que nos podemos ver inmersos e inmersas á vez que sexa a oportunidade de abordar factores de protección.

Obxectivo

- Coñecer as características dos e das usuarios de redes sociais.
- Coñecer o discurso que os/as adolescentes fan fronte a esta realidade ante situacións cotiás nas que se ven vulnerables.
- Analizar o pensamento crítico dos e das adolescentes ante as mensaxes ocultas que se transmiten a través das redes sociais sobre este asunto.

Plan de traballo

O plan de traballo que se prevé é:

1. Toma de acordos cos e coas investigadores/as en formación: concretar á subtemática de investigación e seleccionar unha metodoloxía e técnica participativa de recollida da información (por exemplo, fotovoz ou mapas mentais).
2. Formación teórico-práctica sobre investigación cualitativa e sobre a técnica de recollida da información seleccionada.
3. Formación sobre a busca de información científica nas bases de datos.
4. Deseño do plan de investigación que se vai desenvolver cos/as investigadores/as en formación (cronograma, selección de posibles informantes...).
5. Recollida de información mediante a técnica seleccionada.
6. Análise colaborativa da información recollida.
7. Elaboración do informe e preparación da defensa pública.